

CONVOCATORIA DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN EMPRESAS OU INSTITUCIÓNS PARA OS ESTUDANTES DO MESTRADO EN LINGÜÍSTICA APLICADA CURSO 2017-2018

Pola presente convócanse prácticas en empresas e institucións para estudantes do Mestrado interuniversitario en **Lingüística Aplicada**.

Normativa de aplicación:

Real Decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais; Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios; O Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela (aprobado polo Consello de Goberno do 30 de xullo de 2015); Regulamento de prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade da Coruña (aprobado en Consello de Goberno do 23 de abril de 2013); e Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012).

1.- Calendario da presente convocatoria:

- 1.1. Publicación da convocatoria: 8 de novembro de 2017
- 1.2. Presentación de solicitudes: do 9 de novembro ao 22 de novembro até ás 14:00
- 1.3. Publicación da listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas: 24 de novembro
- 1.4. Presentación de reclamacións á listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas: do 27 ao 29 de novembro até ás 14:00
- 1.5. Publicación da listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas: 1 de decembro
- 1.6. Procedemento de selección por parte da Comisión para a adxudicación de prazas: do 4 ao 12 de decembro
- 1.7. Publicación da listaxe provisoria de adxudicación de prazas: 13 de decembro
- 1.8. Reclamacións á listaxe provisoria de adxudicación de prazas: do 14 de decembro ao 18 de decembro até ás 14:00
- 1.9. Publicación da listaxe definitiva de adxudicación de prazas: 20 de decembro

2.- Requisitos dos candidatos:

- 2.1.- Estar regularmente matriculado no devandito Mestrado
- 2.2.- Solicitar nos decanatos da facultades participantes no devandito mestrado, nos prazos indicados no apartado 1, a participación no proceso de selección de candidatos para a realización de prácticas.

3.- Proceso de selección:

3.1.- Os estudantes incluírán no impreso de solicitude (ANEXO II) as empresas ou institucións nas que desexen realizar as prácticas.

3.2.- A comisión académica do mestrado procederá a adxudicar de oficio as prazas en función das preferencias manifestadas polos solicitantes. Naqueles casos en que haxa máis solicitantes para unha empresa/institución que prazas dispoñibles, os candidatos serán baremados segundo os criterios acordados pola comisión académica (ANEXO III).

4.- Características académicas e organizativas das prazas de prácticas en empresas e institucións:

4.1.- As prácticas realizadas en empresas e institucións terán carácter formativo.

4.2.- As prácticas, pola súa natureza formativa e ao estar integradas no sistema de créditos, teñen o carácter dunha materia de mestrado, polo que non serán remuneradas.

4.3.- Todas as prácticas terán unha duración de 150 horas e computarán como 6 ECTS. Nas 150 horas de duración está comprendido o tempo necesario para a redacción da memoria das actividades realizadas no período de prácticas, que o estudante entregará ao seu titor e que, xunto coa valoración do traballo desenvolvido, será tida en conta á hora de avaliar o período de prácticas.

4.4.- As prácticas realizaranse no horario que cada candidato seleccionado acorde coa empresa ou institución de acollida. O lugar de realización das prácticas será, habitualmente, a sé da empresa ou institución.

4.5.- As empresas e institucións colaboradoras nesta convocatoria e as prazas ofertadas son as incluídas no ANEXO I.

NOTA INFORMATIVA: A convocatoria e listaxes serán publicadas nos taboleiros de información das Facultades de Filoloxía das tres Universidades participantes no título, así como nas páxinas web das tres Facultades e do título.

Vigo, a 8 de novembro de 2017

Asdo. Inmaculada Báez Montero
Coordinadora do Mestrado

ANEXO 1

Empresas/ Institucións	Nº prazas	Descrición das tarefas	Lugar de realización das prácticas
ILG	2	Colaboración rotataria nos diferentes proxectos do ILG para a aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos no mestrado . Familiarización con ferramentas e aplicacións especializadas (cartografía lingüística, córpora, ferramentas informáticas, bases de datos etc).	Santiago de Compostela
CITTUS	2	Creación e revisión de recursos lingüísticos integrados en ferramentas de prototipos computacionais: léxicos polarizados, minería de textos, léxicos bilingües para a tradución automática.	Santiago de Compostela
CESGA	1	Tradución e elaboración de documentación en inglés-español	Santiago de Compostela
Escolas Oficiais de Idiomas		Prácticas docentes en aulas de linguas estranxeiras (impartición de aulas, elaboración de materiais diversos, colaboración cos traballos académicos do departamento, colaboración cos tribunais de probas de certificación, de promoción, de progreso e de clasificación, colaboración no deseño e organización de actividades culturais e de promoción do idioma, colaboración na elaboración de probas).	EOI Santiago (1 inglés, 1 español e 1 galego) EOI Ordes (1 inglés) EOI Ourense (1 inglés) EOI Pontevedra(Inglés2) EOI Vigo (Inglés 2)
Consello de Cultura Galega	2	Observatorio da cultura galega (1) Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (1)	Santiago de Compostela
Fundación Oxfam Intermom	2	Realizar tarefas de construción de textos divulgativos das campañas en marcha da ONG, adaptándoas a distintos tipos de públicos. Deseñar a construción de plans de comunicación para incrementar o coñecemento das principais campañas actuais así como o comercio xusto en Galicia. Análise do impacto nos medios de comunicación e nas redes sociais das campañas de Oxfam actualmente en marcha.	A Coruña
Federación de Xordos		Participación e observación das diferentes accións formativas que se levan a cabo nas distintas axencias da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia. As devanditas actividades estarían dirixidas tanto a persoas xordas adultas, como a alumnos escolarizados en diferentes niveis educativos en centros de ensino da nosa comunidade. Apoio ao equipo de profesionais da FAXPG para a	Vigo (2) A Coruña (1)

Empresas/ Institucións	Nº prazas	Descrición das tarefas	Lugar de realización das prácticas
		elaboración de materiais para o ensino, especialmente os referentes ao ensino da lectoescritura para o colectivo destinatario.	
Real Academia Galega	5	Sección de Lingua (Santiago de Compostela): Lexicografía (1 praza) Onomástica (1 praza) Sociolingüística (2 praza) Sección de Publicacións (A Coruña) (1 praza)	Santiago (4) A Coruña (1)
AFundación	1	Tarefas de asesoramento lingüístico (tradución, redacción, revisión de textos)	A Coruña
Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades	3	Colaboración nos proxectos de investigación do Centro. A) Fraseoloxía: a. Traducións dunha lingua estranxeira ao galego e ao castelán. b. Revisións de traducións realizadas por outros. c. Realizacións de resumos ou abstracts de artigos especializados. B) Terminoloxía: a. Colaboración nun proxecto de terminoloxía sistemática dalgunha lingua de especialidade. b. Resposta, supervisada, a posibles consultas de terminoloxía puntual. c. Alimentación de bases de datos terminolóxicas. C) Corpus de referencia do galego actual a. Revisión de textos	Santiago de Compostela
Servicio de Publicacións da USC	2	Supervisar, en contacto co/a/s autor/a/es, coordinador/a/es, o nivel de corrección de estilo, gramática, ortografía e ortotipografía dos orixinais para asegurar procesos eficientes de edición e preimprensa. Intervir os textos, en calquera das áreas apuntadas, sempre que os orixinais o precisen e mantendo o pertinente contacto e intercambio de información co/a/s autor/a/es, coordinador/a/es, para mellorar a súa calidade conceptual e formal. Coordinar e supervisar o proceso de corrección de probas. Coordinar e supervisar o deseño e sucesivas correccións das probas de cuberta. Redactar textos e notas editoriais que poidan precisar os orixinais a modo de aclaracións e	Santiago de Compostela

Empresas/ Institucións	Nº prazas	Descrición das tarefas	Lugar de realización das prácticas
		<p>explicacións ou que veñan esixidos polos estándares de deseño establecidos (textos promocionais en solapas, cuartas de cuberta etc.).</p> <p>Coordinar os procesos de edición dixital de libros e o seu pertinente aloxamento.</p> <p>Xestionar e supervisar a codificación do catálogo do fondo editorial para axilizar o funcionamento editorial, loxístico, comercial e contable do servizo.</p>	
Centro de Linguas Modernas – USC	5	<p>3 de español:</p> <ul style="list-style-type: none"> Para prácticas docentes en aulas de linguas estranxeiras (impartición de aulas e/ou elaboración de materiais diversos) <p>1 de inglés:</p> <ul style="list-style-type: none"> Colaboración na elaboración e dixitalización de material de probas de certificación B1-B2 Documentación e catalogación do material utilizado <p>Dixitalización de probas</p> <p>Asistencia na administración e corrección de probas de competencia ou de nivel</p> <p>Almacenamento do material de uso no equipo dixital do laboratorio de idiomas</p> <p>Traducción de carácter xeral: información web da USC, documentos solicitados por outras seccións da USC.</p> <p>1 de galego:</p> <ul style="list-style-type: none"> Para prácticas docentes en aulas de linguas estranxeiras (impartición de aulas e/ou elaboración de materiais diversos) 	Santiago de Compostela
Centro de Linguas – UDC	2	Prácticas docentes en aulas de linguas estranxeiras (elaboración de materiais diversos, apoio nas aulas etcétera) en sección de español (2) e na sección de inglés (1)	A Coruña
Editorial Galaxia	2	Colaboración en tarefas de edición, corrección ortotipográfica e supervisión lingüística.	Vigo
Gabinete de Psicología Arca	2	Colaboración nos proxectos de investigación do Centro. <p>Participación e observación das diferentes accións formativas e relacionadas coa adquisición, desenvolvemento e avaliación de competencias lingüísticas que se levan a cabo no Gabinete.</p>	Vigo
Concello de	2	Participación e observación das diferentes seccións	Redondela

Empresas/ Institucións	Nº prazas	Descrición das tarefas	Lugar de realización das prácticas
Redondela		que a equipa de planificación lingüística leva a cabo desde o Concello de Redondela. Colaboración co equipo de profesionais na elaboración de materiais e das actividades programadas para a difusión da lingua.	
Edicións Embora	1	Colaboración en tarefas de edición, corrección ortotipográfica e supervisión lingüística	Ferrol
Teltek Vigo Research	1	Creación e revisión de recursos lingüísticos e tradución e elaboración de documentación en inglés-español	Vigo

Fdo.: Inmaculada C. Báez Montero
Coordinadora do Master MILA